

**ACTA DA REUNIÓN 4 DE AGOSTO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN DE
SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO**

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Maria Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2^o da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Raquel Rodríguez Carro
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. M^a del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Martín Nercellas Méndez
Técnico de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,30 horas do día **4 de agosto de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, de servizos para a xestión da produción audiovisual.

Orde do día:

Punto primeiro: Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Punto terceiro: Elaboración da proposta de requirimento de documentación.

Non asiste ningún representante da empresa concorrente:

De seguido procedese a:

Punto primeiro: Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que non se efectúa a lectura do anuncio de licitación da contratación, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 125, 3 de xullo de 2014 por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura dos sobres B celebrada nesta mesma sala o pasado 1 de agosto. Non obstante, se algún dos presentes o desexa, procederase á lectura do anuncio de licitación.

Ningún dos presentes o solicita.

O presidente informa que con data de 1 de agosto celebrouse a sesión pública de apertura do sobre "B" da empresa concorrente e posteriormente a documentación nel contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación, que asume esta Mesa de Contratación, determínase o seguinte:

Analizada a documentación presentada pola empresa concorrente compróbase a súa conformidade e adecuación as cláusulas administrativas e técnicas dos pregos e en atención aos criterios de avaliación establecidos cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

Dado que se trata da única oferta recibida e comprobada a súa conformidade cos mínimos esixidos, propónse continuar co proceso de contratación.

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

A continuación o Presidente invita aos presentes na sala a que examinen que o sobre "C" presentado pola empresa concorrente admitida atópase pechado na plataforma de licitación electrónica. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura do sobre, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura do sobre, non se admitirán interrupcións.

O secretario comproba ante os presentes que o sobre atópase encriptado e que os membros da mesa de contratación habilitados para a apertura electrónica procederon previamente á autorización individual necesaria para a apertura conxunta do modo seguinte:

Presidente: Miguel Angel Santalices Viera	Hora apertura 12:16:14
Vocal Económico: M ^a Carmen Fernández da Silva	Hora apertura 12:20:02
Vocal Xurídico: Raquel Rodríguez Carro	Hora apertura 12:22:12

O secretario da Mesa de Contratación procede a abrir a última sinatura necesaria para a apertura do sobre ás 12:35:06. Transcorridos uns minutos durante o tempo que dura o desencriptado e ou apertura dixital do sobre xa se pode acceder na plataforma dixital á comprobación da documentación da oferta económica.

En voz alta o secretario anuncia a oferta da empresa:

SPICA S.L.:

	Ofertado pola empresa
Prezo excluído o IVE	en letras: Noventa e seis mil euros
	en números: 96.000 €

O Presidente invita aos asistentes que así o desexan a examinar a documentación contida nos sobres "C".

Punto terceiro: Elaboración da proposta de requirimento de documentación.

Ao ser a única proposición admitida neste procedemento de contratación procedese a comprobar que o prezo ofertado non supera o máximo esixidos nos pregos e que, en xeral, a oferta cumpre cos requirimentos técnicos e administrativos establecidos nos pregos, á vista do que a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a adopción do Acordo de requirirle á citada empresa a documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,50 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Maria Soledad Soneira Tajés
Vogal



Raquel Rodríguez Carro
Vogal



Mª del Carmen Fernández da Silva
Vogal



Martín Nercellas Méndez
Secretario